

# Gamoneda, elixido pola AELG Escritor Galego Universal

O recoñecemento dos escritores en lingua galega concederáselle na Coruña o vindeiro mes de abril

**Santiago.** A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), que preside o poeta editor Cesáreo Sánchez Iglesias, anunciou onte o nomeamento como Escritor Galego Universal –recoñecemento que outorga a devandita asociación a autoras e autores de fala non galega– ao poeta Antonio Gamoneda para recoñecer a súa “altísima poesía” e o seu “insubornable compromiso ético”.

Con motivo da entrega do premio, o poeta Antonio Gamoneda estará en Galicia durante o próximo mes de abril, onde impartirá unha conferencia o día 29 na

cidade da Coruña e asistirá posteriormente á Cea das Letras, organizada pola Asociación para o día seguinte.

A obra do autor, nado en Oviedo en 1931, esténdese dende a publicación de *Sublevación inmóvil* en 1960, marcada por unha “profunda pegada ética” que gana forza nun exemplo de “coherencia e verdade poética” e que se reivindica a se mesmo como “pertencente á cultura da pobreza”.

Entre outros importantes galardóns, o poeta, vencellado vitalmente á cidade de León, recibiu o Premio Cervantes en 2006, o premio Raíña Sofía de Poesía Iberoamericana ese mesmo ano ou o Premio Nacional de Literatura, na modalidade de poesía, no ano 1988. **REDACCIÓN**